



Concello de Cospeito

ESTIMADO VECIÑO E VECIÑA:

Marcados pola situación extraordinaria que estamos a vivir, presentamos unha nova edición das **ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS** nas que tomaremos unhas serie de medidas adaptadas ás normas COVID-19 para a práctica deportiva.

Xa son vintecinco anos de antigüidade destas Escolas Deportivas Municipais sendo un dos piares fundamentais nos que se sustenta a política deportiva municipal.

Desde o Concello queremos seguir traballando a prol desta actividade con tantos valores engadidos e con tantas recompensas recibidas. Ver as mozas e mozos participando no seu deporte favorito, disfrutando do compañeirismo e mentres se divirten e aprenden, é unha perspectiva que ningunha institución debe perder. De aí o noso compromiso por seguir apostando por unha actividade deportiva que satisfaga tanto a pais/nais e fillos.

Por todo iso, convido a tódalas nenas e nenos do noso Concello a participar nestas actividades das Escolas Deportivas Municipais e que desta forma, pasen a formar parte directa dun esforzo compartido, para atender algo tan relevante como é o exercicio físico e a súa parte formativa, despois da xornada lectiva.

As actividades máis demandadas nos últimos anos foron: natación, ximnasia rítmica, fútbol-sala, tenis de mesa e patinaxe. Tanto estas actividades como calquera outras que poidan interesar: baloncesto, atletismo, tiro, bádminton, etc.. impartiríanse sempre e cando o número de inscricións sexa suficiente.

O prazo para inscribirse finaliza o venres día 8 de outubro.

Esperamos que o programa de actividades satisfaga a demanda existente. Desde o Concello quedamos abertos a calquera suxerencia pola vosa parte, no intento de fomentar e mellorar as distintas actividades deportivas a desenvolver.

Unha forte aperta.

En Cospeito, a 24 de setembro de 2021.

O ALCALDE,

Asdo, Armando Castosa Alvariño.

Concello de Cospeito



Concello de Cospeito

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2021-2022

SOLICITANTE (pai, nai ou titor)

NOME E APELIDOS DO ALUMNO : _____

DATA NACEMENTO: _____ DNI/NIE: _____

PAI/NAI/ TITOR: _____

DOMICILIO: _____

MUNICIPIO: _____

TELÉFONO: _____ MÓBIL: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

ACTIVIDADES DEPORTIVAS NAS QUE QUERE PARTICIPAR:

1º _____

2ª _____

3ª _____

4ª _____

CATEGORIAS FÚTBOL-SALA:

- Prebenxamín: alumnos nados 2014-2015
- Benxamín: alumnos nados 2012-2013
- Alevín: alumnos nados 2010-2011
- Infantil: alumnos nados 2008-2009
- Cadete: alumnos nados 2006-2007

NATACIÓN:

OS CURSOS DE NATACIÓN ESTE ANO SERAN NA PISCINA MUNICIPAL DE PASTORIZA
HORARIOS DOS CURSOS

1 TURNO LUNS DE 19:15 A 20:00 HORAS

2 TURNO XOVES DE 18:30 A 19:15 HORAS

NOME DO NENO: _____ IDADE: _____
ASISTOU A ALGÚN CURSO DE NATACION: _____ SI OU NON , TACHAR A CORRECTA

CUSTOS DAS ACTIVIDADES:

UNA ACTIVIDADE: _11€_

DÚAS OU MÁIS ACTIVIDADES: _7,70 € POR CADA ACTIVIDADE_

AS ACTIVIDADES IMPARTIRANSE SEMPRE E CANDO O NÚMERO DE ALUMNOS SEXA O SUFICIENTE PARA PODER IMPARTILA.

TELEFONO DE INFORMACIÓN: 98252001

Cospeito, ____ de _____ de 2021

Fdo: _____

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102